

1 A actividade económica. Os compoñentes e os sectores

1.1 A actividade económica

A actividade económica é o conxunto de tarefas realizadas polas persoas para obter bens cos que satisfacer as súas necesidades.

Estes bens poden ser materiais, como alimentos, manufacturas, e automóbiles; ou inmateriais, é dicir, servizos, como a educación e a saúde.

1.2 Os compoñentes da actividade económica

A actividade económica inclúe tres compoñentes básicos que lles permiten ás persoas satisfacer as súas necesidades: a produción, a distribución e o consumo de bens.

- A **produción** é o conxunto de bens proporcionados pola actividade económica.
- A **distribución** consiste no traslado da produción ata o consumidor e a súa venda no mercado, ou lugar de encontro entre produtores e consumidores.
- O **consumo** é a utilización dos bens proporcionados pola produción.


1.3 Os sectores da actividade económica

A actividade económica inclúe unha gran cantidade de actividades. De aí que adoiten agruparse en tres sectores económicos, ou conxunto de actividades que presentan certos trazos comúns:

- O **sector primario** inclúe as actividades dedicadas a extraer os recursos naturais destinados á produción, a distribución ou o consumo. Son a agricultura, a gandería, a explotación forestal e a pesca.
- O **sector secundario** inclúe as actividades dedicadas a transformar os recursos naturais proporcionados polo sector primario, como a industria e a construción.
- O **sector terciario** comprende as actividades que proporcionan servizos. Entre elas, o transporte, o turismo, o comercio, o ensino, a saúde, etc.

A importancia dos tres sectores económicos na ocupación e no PIB, ou conxunto da riqueza dos países, presenta grandes contrastes mundiais.

Os mercados



No mercado véndense, compráanse e cámbianse xénero, mercadorías e outros bens. Existen moitos tipos de mercado: de consumo, de accións, industrial, de materias primas, de servizos, etc. Diferéncianse entre si polos produtos, os recursos e os clientes.

Os sectores económicos

Ano 2012	América do Norte e UE	Leste de Asia	África Subsahariana
Sector primario			
Ocupación	3,5	33,7	62
PIB (2012)	1,5	11	16
Sector secundario			
Ocupación	22,6	29,2	8,7
PIB (2012)	24,5	44	31
Sector terciario			
Ocupación	73,9	37,1	29,3
PIB (2012)	74	45	53

Fontr: DII e Banco Mundial.

En xeral, o sector primario ten un elevado peso na ocupación e o PIB dos países menos desenvolvidos; e un peso reducido nas economías máis avanzadas.

O sector secundario é importante en moitos países de desenvolvemento emerxente.

E o sector terciario predomina nos países máis desenvolvidos.

Avanza en competencias


Adquirir vocabulario

- 1 Define o concepto de actividade económica utilizando os seguintes termos: consumo, ben, produción e distribución.

Traballar con datos estatísticos

- 2 Observa a táboa e responde: De que nos informa? En que áreas teñen maior peso as actividades de cada sector económico?

Compoñentes da actividade económica



Coñecer actividades

- 3 Fai unha listaxe de cinco bens que consumas. Que necesidade satisfai cada un deles?

Utilizar a información

- 4 Le no vocabulario final a definición de necesidade. Despois, contesta a estas preguntas: a) Son todas as

necesidades humanas igual de importantes? Ilustra a túa resposta cun exemplo. b) Inflúe a publicidade nas necesidades humanas?

Traballar con imaxes

- 5 Redacta un texto utilizando a información proporcionada polo esquema visual da actividade económica.

2 Os axentes económicos e as súas relacións

Os axentes económicos son os suxeitos encargados de levar a cabo a actividade económica. Estes suxeitos son as empresas, as familias e o Estado. Relaciónanse entre si constituíndo un círculo económico co que intercambian traballo, bens e servizos a cambio de pagamentos.

2.1 As empresas

As empresas son as unidades básicas de produción de bens económicos. A súa **función** é producir, distribuír e venderlles bens aos consumidores; e o seu **obxectivo** é a obtención de beneficios económicos. Os **tipos de empresas** son moi variados. Adóitanse agrupar segundo:

- **O tamaño.** Distinguese entre **pequenas**, **medianas** e **grandes** empresas, segundo empreguen ata 50, ata 250, ou máis de 250 traballadores, respectivamente.
- **A titularidade do capital.** Permite distinguir entre empresas **públicas**, cando a xestión e o capital proceden do Estado; empresas **privadas**, cando están en mans de particulares; e empresas **mixtas**, de capital público e privado.
- **A organización social.** Diferencia entre empresas pertencentes a particulares e sociedades. Estas últimas responden a diversas formas: **sociedades anónimas** (S. A.), nas que o capital se divide en accións; **sociedades limitadas** (S. L.), onde o capital social é achegado por un limitado número de socios; e **cooperativas**, xestionadas colectivamente polos socios que achegan o capital.

No **círculo económico**, as empresas vendenlles os bens que producen ás familias e ao Estado. A cambio reciben ingresos, cos que lles pagan salarios ás familias polo seu traballo e impostos ao Estado.

2.2 As familias e o Estado

- **As familias** son as unidades básicas de consumo. A súa **función** é gastar na adquisición de bens co **obxectivo** de satisfacer as súas necesidades. No **círculo económico**, vendenlles o seu traballo ás empresas privadas e públicas no mercado de traballo. A cambio cobran un salario, co que pagan os bens que lles compran ás empresas e os impostos ao Estado.
- **O Estado** é, desde o punto de vista económico, unha unidade de produción e de consumo. As súas **funcións** son producir bens materiais e servizos públicos necesarios para toda a sociedade, a través das súas empresas; e consumir bens e servizos das empresas privadas. O **obxectivo** do Estado é conseguir o benestar social.

No **círculo económico**, o Estado proporciónalles ás empresas e ás familias bens e servizos (infraestruturas, axudas, subvencións, pensións, seguros de enfermidade e de paro, etc.); contrata traballadores públicos, e cóbralles impostos ás familias e ás empresas.

A Intervención do Estado



Na actualidade, a intervención do Estado na economía lévese a cabo de moitas formas:


- Elabora leis (A).
- Crea empresas públicas (B) ou participa en empresas mixtas co capital privado.
- Adopta medidas de protección dos produtos nacionais.
- Impulsa a creación de organizacións económicas supranacionais, etc.

Avanza en competencias

Participar na aprendizaxe

- 1 Realiza un esquema ou un cadro conceptual da clasificación das empresas.
- 2 Pon un exemplo de empresa que cumpra cos criterios utilizados no texto para clasificalas.
Pídelles ao teu compañeiro ou compañeira de clase que diga o tipo de empresa que é. Se é necesario, corrixe os seus erros.

O circuito económico



Organizar informação

3 Completa o seguinte cadro no teu caderno:

	Empresas	Famílias	Estado
Definición			
Función			
Obxectivo/s			
Procedencia dos seus ingresos			

Traballar con ilustracións

4 Observa o esquema do circuito económico e responde a estas cuestións:

- Quen se encontra no mercado de bens e servizos? E no mercado de traballo?
- Que proporcionan as empresas, as familias e o Estado? Que obteñen a cambio?
- De onde proceden os impostos do Estado? Que fai o Estado co diñeiro procedente dos impostos?

3 Os factores de produción (I). Os recursos, o capital e a tecnoloxía

Para levar a cabo a súa actividade, as empresas utilizan catro recursos básicos, coñecidos como **factores de produción**: os recursos naturais, o capital, a tecnoloxía e o traballo.

3.1 Os recursos naturais

Os recursos naturais son os elementos proporcionados pola natureza que teñen unha utilidade económica. Entre eles encóntranse a auga, a atmosfera, o solo, a vexetación, os animais, os minerais e as fontes de enerxía. O aproveitamento destes recursos orixina actividades económicas básicas: agricultura, explotación forestal, gandería, pesca, minería e produción enerxética e industrial.

Tipos de recursos naturais

Segundo a súa duración, os recursos poden ser **renovables**, se se recuperan nun curto período de tempo, como a auga; ou **non-renovables**, se se esgotan ao usarse e a súa recuperación require períodos de tempo moi longos, caso do carbón ou do petróleo.

Os problemas dos recursos

Na actualidade, moitos recursos utilizados para producir bens son escasos ou non-renovables. Este feito ocasiona dous graves problemas:

- **Esgotamento e sobreexplotación.** Ao consumirse a unha velocidade superior á da súa rexeneración, algúns recursos corren o risco de esgotarse ou de sobreexplotarse. Para evitar estes problemas, é necesario utilizalos segundo o principio do **desenvolvemento sostible**. Isto supón usalos de forma racional, para que permitan atender as necesidades actuais e as das xeracións futuras; evitar o consumismo, e fomentar o seu uso eficaz e a reciclaxe.
- **Conflitos internacionais.** O desexo de controlar os limitados recursos naturais é unha fonte de guerras e conflitos internacionais. Estes, segundo a ONU, poden incrementarse no futuro, a medida que aumente a escaseza dalgúns recursos considerados esenciais como a auga, o petróleo e certos minerais.

3.2 O capital e a tecnoloxía

O **capital** é o conxunto de elementos non naturais necesarios para producir. Inclúe o capital **físico** ou elementos materiais, como as instalacións e a maquinaria; o capital **financeiro** ou fondos dispoñibles para producir, como diñeiro e créditos; e o capital **humano** ou capacidade produtiva das persoas, que depende de aspectos como a súa formación e experiencia.

A **tecnoloxía** é o conxunto de coñecementos, métodos e procedementos utilizados no proceso produtivo. Pode ser **manual**, se a persoa achega a forza e o manexo das ferramentas; **mecanizada**, se as máquinas achegan a forza e as persoas manexan as máquinas; ou **automática** ou **robotizada**, se as máquinas achegan ambas as dúas cousas e as persoas só as programan e controlan.

Problemas dos recursos



Alguns recursos corren o risco de **esgotarse**, o que aumenta a ameaza de conflitos por facerse co seu control. É o caso do petróleo (A), que estivo na base das chamadas Guerras do Golfo en Oriente Medio.

Outros están **sobreexplotados**. É o caso da auga do mar de Aral (B), cuxa superficie se reduciu desde 1960 a menos do 10% debido aos transvasamentos da auga dos ríos que o alimentaban para destinala ao regadío.


Avanza en competencias

Producir textos

- 1 Explica por escrito as diferenzas entre recurso renovable e non-renovable; capital físico e humano; e tecnoloxía mecanizada e automática.

Pon un exemplo de cada un destes conceptos.

O proceso produtivo e os seus factores

**Participar na aprendizaxe**

- 2 Elixe un ben de consumo e fai unha lista dos factores de produción necesarios para a súa elaboración.

Buscar solucións

- 3 Escribe cales son os factores produtivos que interveñen na produción dunha empresa situada nunha nave de 3 000 m², localizada nunha parcela propia dentro dun polígono industrial, que conta con 20

traballadores de escasa cualificación, dedicados á elaboración de tecidos de algodón, utiliza 15 máquinas, e conta cuns fondos no banco de medio millón de euros.

Utilizar as TIC

- 4 Busca información sobre un conflito relacionado co control dalgún recurso natural. Debe incluír polo menos as causas e a localización do conflito. Resume a información para expoñela na clase nun minuto.

Todo

4 Os factores de produción (II). O traballo

O **traballo** é o esforzo físico ou intelectual realizado polas persoas para a produción de bens materiais e servizos.

É un factor esencial para a produción, xa que lles permite ás empresas realizar a súa actividade; e para as familias, ás que lles proporciona un salario co que adquirir bens.

4.1 A situación laboral

En relación co traballo e o emprego, a poboación divídese en activa e inactiva.

■ A **poboación activa** está integrada polo conxunto de persoas que teñen traballo remunerado (poboación ocupada); e polas que se encontran dispoñibles para desempeñalo (poboación parada ou desocupada).

■ A **poboación inactiva** inclúe as persoas que non realizan nin están dispoñibles para desempeñar un traballo remunerado, como pensionistas, rendistas, estudantes e labores domésticos.

■ A **taxa de actividade** é a porcentaxe de poboación activa en relación co total de persoas en idade de traballar. No mundo, esta taxa era do 64 % en 2012, aínda que con diferenzas entre países. En xeral, é máis baixa en zonas con moitos mozos ou anciáns, grande emigración, nivel económico baixo ou escaso traballo feminino.

4.2 O mercado laboral

O mercado laboral está formado pola **oferta** de traballo, realizada polas empresas; e a **demanda** de traballo, solicitada polas persoas. Neste mercado, os traballadores cualificados ou con máis formación son menos. Por iso, adoitan ter salarios máis altos e emprego máis estable que os traballadores non cualificados, que son máis numerosos.

Na actualidade, a crise económica está propiciando a substitución da contratación fixa pola temporal e a redución dos salarios.

* 4.3 Os problemas laborais

■ O paro

O paro é un grave problema que se agudiza nos momentos de crise económica, como a iniciada en 2008.

Nos **países desenvolvidos** débese á automatización das tarefas e ao traslado de actividades económicas cara a espazos máis baratos. E nos **países subdesenvolvidos** ao atraso económico e á escasa formación laboral.

Esta situación produce desánimo; reduce os ingresos do Estado, que recada menos impostos e debe incrementar o gasto en desemprego; e diminúe os ingresos das persoas, reducindo o consumo, as vendas e a produción.

Poboación activa e inactiva

Fórmulas para calcular taxa

Taxa de actividade

Porcentaxe de poboación activa do país. Esta é unha das fórmulas para calcular a taxa de actividade.

$$\frac{\text{Poboación activa} \times 100}{\text{Poboación de 16 anos e máis}}$$

Taxa de paro

Porcentaxe de poboación activa desocupada respecto ao total de poboación activa.

$$\frac{\text{Poboación activa desocupada} \times 100}{\text{Poboación activa}}$$



Avanza en competencias

Comprender informacións

- 1 Clasifica as seguintes persoas segundo a súa actividade: pensionista, comerciante, doutora, estudante, profesor, enfermeiro, rendista.


Obter información

- 2 Busca na prensa un anuncio de oferta de traballo. Que demanda ofrece? Que ofrece?




Exemplos de problemas laborais

A taxa de paro en 2014




O traballo infantil en 2012

Distribución rexional dos nenos que traballan (de 5 a 14 anos de idade) no mundo en 2012



Taxa de actividade infantil (% dos nenos de 5 a 14 anos de idade que traballan) por rexión do mundo en 2012



Fonte: Organización Internacional del Trabajo.

A discriminación feminina

2012 2009-2012	Taxa de actividade homes	Taxa de actividade mulleres	Taxa de paro homes*	Taxa de paro mulleres*
Este asiático e Pacífico	79	63	5	4
Europa e Asia Central	69	46	10	10
Latinoamérica e Caribe	80	54	5	8
Oriente Medio e Norte de África	73	20	10	20
Sur de Asia	81	32	3	5
A. subsahariana	76	63	7	8

As condicións laborais

- Nos estados avanzados** están ben reguladas pola lexislación laboral do Estado; polos convenios colectivos* entre as asociacións de empresarios e os sindicatos de traballadores; e polos contratos laborais entre o traballador e a empresa.
- Noutros estados**, en cambio, permítese a existencia de numerosos abusos. Así, o traballo infantil afectaba en 2012 a 264,4 millóns de nenos. E a discriminación laboral das mulleres é unha realidade en moitas partes do mundo. Estas, en xeral, reciben salarios inferiores aos homes polo mesmo traballo; teñen máis dificultades para acceder aos postos de dirección; traballan máis na economía somerxida, e encontran dificultades para compatibilizar o traballo e a familia.

Por iso, a Organización Internacional do Traballo promove o cumprimento de normas básicas, como a prohibición do traballo infantil, a non discriminación por xénero, e o recoñecemento de dereitos básicos aos traballadores (salario mínimo, liberdade sindical, etc.).

Traballar con gráficos

- Que información achegan os gráficos sobre o traballo infantil?

Deducir información

- Na táboa superior, como se calcularon as taxas de actividade e de paro? Cales son as rexións mundiais con valores máis altos e máis baixos en cada taxa?

Tomar decisións persoais

- Descubre quen foi Iqbal Masih. Resume a información e expresa a túa opinión sobre o seu labor.

5 Os sistemas económicos

Os sistemas económicos son distintas formas de organizar e levar a cabo a actividade económica. Para iso, deben dar resposta a tres problemas económicos básicos: **que bens producir** e en que cantidade; **como producilos**, e **para quen producilos**.

5.1 O sistema capitalista

No sistema capitalista a actividade económica está regulada polo mercado; por iso, coñécese tamén como **economía de mercado**. Este, que **se rexe pola lei da oferta e a demanda**, decide **que producir en función da demanda** existente de bens ou de servizos; **como producir** para lograr o maior beneficio económico das empresas; e **para quen producir**, pois os produtos son **para os que poden pagalos**.

Outros principios básicos do sistema son o predomínio da propiedade privada; a liberdade de circulación de persoas e mercadorías; a libre competencia entre as empresas e a busca do máximo beneficio individual.

Na actualidade, o sistema capitalista foi adoptado pola maioría dos países do mundo.

5.2 O sistema socialista

No sistema socialista, a actividade económica está regulada polo Estado a través de plans de obrigado cumprimento polas empresas; por iso, coñécese tamén como **economía planificada**.

O Estado decide **que producir**, **como producir**, e **para quen producir**, pois **fixa os prezos dos produtos** e os **salarios dos traballadores**.

Outros principios básicos do sistema son a propiedade estatal das empresas e dos medios de produción; a planificación económica polo Estado; e a consecución da igualdade social. Na actualidade, este sistema só subsiste en China, Cuba, Vietnam, Laos e Corea do Norte. Aínda así, nos últimos anos, algúns destes países están favorecendo a iniciativa privada.


5.3 Os sistemas mixtos

Os sistemas mixtos combinan a economía de mercado cunha intervención maior ou menor do Estado na economía; como é o caso do chamado **Estado do Benestar**.

Nestes sistemas, o mercado e o Estado deciden **que producir**; **como producir**; e **para quen producir**, pois aínda que os **prezos do mercado** fan que os produtos sexan para os que poden pagalos, a **intervención do Estado garante que todos os cidadáns teñan cubertas as súas necesidades elementais**.

Outros principios básicos son a propiedade privada, aínda que existen empresas públicas; e a busca do máximo beneficio individual, aínda que adoptando medidas para redistribuír a riqueza. Na actualidade, os sistemas mixtos funcionan en moitos países do mundo, especialmente de Europa.

Como funcionan?



Avanza en competencias

Producir textos

- 1 Escribe unha definición de sistema económico axudándote do esquema superior.

Participar na aprendizaxe

- 2 Escribe unha frase equivocada sobre cada sistema económico e pídele ao teu compañeiro ou compañeira de clase que a corrixa.

Comproba se a súa resposta é correcta e modifícaa en caso necesario.

O sistema capitalista e o Estado do benestar


A lei da oferta e a demanda

No sistema capitalista, o mercado réxese pola lei da oferta (conxunto de bens e servizos que se poñen á venda) e a demanda (conxunto de bens e servizos que as persoas están dispostas a comprar por certo prezo).

Nunha situación de competencia perfecta, como no esquema inferior, os prezos soben se a oferta é menor que a demanda. No caso contrario, os prezos baixan.



A liberdade económica



Índice de liberdade económica en 2014 Fonte: The Heritage Foundation

De 80 a 100 De 70 a 79,9 De 60 a 69,9 De 50 a 59,9 Menos de 50 Sen dato ou dato non dispoñible

0 1500 3000 4500 6000

O Estado e a cidadanía



Traballar con ilustracións

- 3 Explica como funciona a lei da oferta e a demanda.
- 4 Pon exemplos que demostren medidas do Estado do benestar.

Traballar con mapas

- 5 En que países existe unha maior liberdade económica? Que sistema económico teñen eses países?